



Intervención socio-artística nas rúas para denunciar o abandono do barrio de Canido (Ferrol-Galicia)

© UDC

Feminicidio ambiental: unha lectura educativa, ecofeminista e ecosocial *Environmental femicide: an educational, eco-feminist and ecosocial reading*

Araceli Serantes-Pazos  Universidade da Coruña (Galicia)

Resumo

A Educación Ambiental de 4ª xeración é o marco de análise e reflexión dun dos problemas máis invisible e aterradores: o asasinato violento e cruel das mulleres que protexen o medio ambiente. Falamos de feminicidio ambiental porque hai un patrón común: empresas e gobernos que intentan explotar recursos naturais ou explotar espazos naturais con iniciativas industriais ou agroindustrias en territorios poboados por comunidades agrícolas, indíxenas ou con pouca relevancia político-social e que acaban asasinando ás mulleres que lideran movementos de defensa do territorio e de oposición a ditas iniciativas. Presentamos unha exposición interpretativa e colaborativa elaborada polo alumnado de 1º de Educación Social da Universidade da Coruña que desde unha perspectiva ecofeminista e ecosocial intentou dar a coñecer a loita de tantas mulleres que mataron brutalmente por defender a terra e tamén por ser mulleres.

Astract

The 4th generation Environmental Education is the framework for analysis and reflection on one of the most invisible and terrifying problems: the violent and cruel murder of women who protect the environment. We speak of environmental femicide because there is a common pattern: companies and governments that try to exploit natural resources or exploit natural spaces with industrial or agro-industrial initiatives in territories populated by agricultural, indigenous communities or with little political-social relevance and who end up assassinating women who They lead movements to defend the territory and to oppose such initiatives. We present an interpretive and collaborative exhibition prepared by the students of 1st Social Education at the University of A Coruña, who, from an ecofeminist and ecosocial perspective, tried to publicize the struggle of so many women who brutally killed to defend the land and also for being women.

Palabras chave

Feminicidio ambiental; ecofeminismo; exposición interpretativa; educación ecosocial.

Key-words

Environmental femicide; ecofeminist; interpretive exhibition; ecosocial education.

«A Nai Terra, militarizada, cercada, envenenada, [...] esíxenos actuar»
 Berta Cáceres, Premio Goldman de Medio Ambiente
 (2015)

Unhas ideas previas para contextualizar

O inicio foi a consumación da ameaza sobre Berta CÁCERES: esta ecoloxista, feminista e defensora dos dereitos dos indíxenas foi asasinada por liderar a oposición á construción do complexo hidroeléctrico Augua Zarca no río Gualcarque, en Honduras. A oposición a esta infraestrutura -liderada pola empresa hondureña DESA xunto coa empresa chinesa SINOHYDRO e co financiamento do Banco Mundial a través da Corporación Financiera Internacional- débese á dúas razóns fundamentais: porque restrinxe o acceso a auga ás comunidades lenca e pon en risco o seu modelo de vida, e polo importante impacto ambiental que supón.

É asasinada a madrugada do 2 ao 3 de marzo de 2016. É asasinada no seu fogar, no que entra pola forza un grupo de sicarios que tamén firen ao activista mexicano Gustavo Castro que a acompañaba. É asasinada por 7 homes armados. 7 homes armados contra 1 muller indefensa.

Berta Cáceres representa, para min, a persecución sistemática que sufren os pobos indíxenas que defenden súas terras e a súa cultura, máis tamén a que sofren

os ecoloxistas que denuncian e se opoñen ao abuso sobre a terra, os ecosistemas ou a fauna. E por riba, representa a brutalidade que, neste escenario de violencia e terror, sofren as mulleres polo feito de ser mulleres e activistas. En moitos países asesínanse mulleres porque nin tan siquiera son consideradas como cidadáns porque non están nos rexistros, e isto se incrementa se pertencen a pobos indíxenas: se non existen, non hai delito. Elixen a mulleres tamén porque son menos violentas, menos capaces de defenderse (física e legalmente). Pero sobre todo, elixen a mulleres porque seu homicidio violento, exemplarizante y excesivamente cruel desmoviliza: por unha banda, os homes da súa comunidade son sinalados por non saber defender ás súas mulleres (dubidando así da súa virilidade) e por outra banda as familias presionan para que non sigan liderando e deixen orfos ás fillas e fillos, xa que elas, as mulleres, son o sostén económico e de coidados da súa familia. Excesiva a violencia, pornográfica a brutalidade: asasinada a machetazos e abandonada nun vertedeiro de lixo, violada e exposto o cadaver espido, desmembrada deixando un pedazo do seu corpo en cada unha das camas dos seus meninos, empalada e atada a unha árbore... excesivo odio e brutalidade.

Neste contexto xurde a idea de *feminicidio ambiental*, porque o “exemplarizante” asasinato de mulleres débese ao feito de ser lideresas ecoloxistas e sobre

todo por ser mulleres; o obxectivo no é exclusivamente amedrentar e desarmar o movemento ecoloxista ou indixenista, senón tamén como unha manifestación máis da violencia contra a muller.

Este terrible linchamento foi o punto de arranque do traballo elaborado polo alumnado de 1º de Educación Social da Universidade da Coruña, no marco da materia *Educación Ambiental e Cultura da Sostenibilidade*. O resultado foi unha exposición colaborativa, interpretativa e interactiva para denunciar o hostigamento sistemático e a violación constante dos dereitos de moitas mulleres ecoloxistas que, en moitos casos, remata co seu asasinato. A organización GLOBAL WITNESS denuncia que ten a constancia de 1617 asasinatos de defensores do medio ambiente entre 2002-2017 (2018:4) e nós elegimos a 14 mulleres de distintos países, que representan as distintas causas e a amplitude do problema.

Comezamos desde os ecofemismos, en plural

Falamos de ecofemismos, en plural, porque non existe unha única forma de enfrentarse ou entender a loita das mulleres pola terra, a cultura e o medio ambiente, igual que ocorre co ecoloxismo e o feminismo, todos eles, movementos sociais diversos.

O punto de partida é o sometemento da Terra e das mulleres: un problema social e ambiental que esixe unha mirada de xénero, e na que inflúen factores como o modelo de desenvolvemento, a ética, as cosmovisións e as posturas filosóficas. Para Alicia PULEO (2011) trátase dunha loita das mulleres polo acceso e o dereito aos recursos naturais dos que dependen. Outras autoras, como Karen WARREN e Jim CHENEY (1991) inclúen tamén a dominación a outros grupos oprimidos, e incorporan tamén a explotación animal.

Pese á diversidade de posicionamentos, existen moitos puntos en común: a *ecodependencia* da vida humana, os problemas ambientais que ameazan a supervivencia, os modos de subordinación e explotación da terra e das mulleres... (Gloria P. ZULUAGA, 2014), mais tamén o enfrentamento a esa visión dualista, contraposta e xerárquica do sistema patriarcal que enfrenta home|muller, razón|emoción, mente|corpo, público|privado, humano|natureza, racionalidade|animalidade, urbano|rural, produción|reprodución, ciencia|tradición, etc. A maior parte dos movementos ecofeministas identifican como similar a opresión que sufren as mulleres e a natureza froito dun modelo cultural androcéntrico: *“a orde patriarcal simplifica a complexidade e a diversidade humana, lexitima o feito da dominación e leva á violencia contra as mulleres e a natureza”* (Teresa ROMAÑA, 2007:124). Tamén coinciden en revalorizar

o cotiá, os coidados o local, mais tamén reivindicando a participación política, na transformación da orden patriarcal e na búsqueda de alternativas ao modelo de desenvolvemento neoliberal: o ecofeminismo “*aboga pola síntese dos principios feministas e ecolóxicos como base para a organización política e para a creación de estilos de vida social e ecolóxicamente xustos*” (Stephanie LAHAR, 2003:35). O ecofeminismo é considerado tamén como unha *teoría moral* e unha das principais vertientes da *ética ambiental* xunto coa *ética da Terra* e a *ecoloxía profunda* (Diana P. TRIANA, 2016).

Presentamos un intento de sistematizar as distintas corrientes como unha forma útil de mostrar esta diversidade de miradas, conscientes dos seus límites: non poden entenderse como categorías estancas e reducionistas onde encaixan todas as

autoras e todas as porpostas, senón como un intento de mostrar grandes liñas de pensamento e acción, que as fan diferentes e nos fan falar de ecofeminismos en plural. Atendendo as aportacións de numerosas autoras (Greta C. GAARD, 1997; Maria MIES e Vandana SHIVA, 1997; M^a Xosé AGRA, 1997; Constance RUSSEL, Tema SARICK e Jackie KENNELLY, 2002; Teresa ROMAÑA, 2007; Ecologistas en Acción, 2008; Alicia PUELO, 2008; 2011); Amaranta HERRERO, 2010; Laura PÉREZ, 2010; Luisa de PINHO, 2010; Alice GABRIEL, 2011; Yayo HERRERO, 2013; Emma SILIPRANDI e Gloria P. ZULUAGA, 2014; Diana P. TRIANA, 2016; Marion BERGERE, 2016, Angélica VELASCO, 2018), presentamos unha porposta de síntese -para ser re-pensada- identificando cinco categorías (Cadro 1):

FEMINISMO DA DIFERENCIA		FEMINISMO DA IGUALDADE		F. DA DIFERENCIA
EXISTENCIALISTA	CONSTRUCTIVISTA			POSMODERNO
CLASICO, CULTURAL ou ESPIRITUALISTA	MULTICULTURALISTA DO SUR ou POSTCOLONIAL	AMBIENTALISMO E XÉNERO ou LIBERAL	ECOLÓXICO, SOCIALISTA, RADICAL ou ILUSTRADO	QUEER, VEGANO, ANIMALISTA ou ANTIESPECISTA
Matriarcal e xinecéntrica	Decolonial. Diferencia Norte/Sur	Crítica co modelo de desenvolvemento	Lóxica de dominación androcéntrica	Cuestiona as propostas binarias
Muller coidadora. Cultura da vida. Biofílica	Cultura popular e tradición	Visión tecnocrática da relación muller/natureza	Ben común e cultura dos coidados	Os animais e as mulleres non son máquinas de reproducir
Visión sagrada da muller e da natureza como fonte de vida	Defensa dos medios de vida. Uso fronte a conservación	Naturza como recurso; MA é unha construción social	Rexeita a mística da feminidade. Ser muller é un constructo cultural	Cuestiona os feminismos da igualdade, de identidade e da diferenza

Cadro 1: Clasificación dos movementos ecofeministas (Elaboración propia)

1. *Ecofeminismo clásico, cultural ou espiritualista*: xurde nos anos '60 en EE.UU. arredor de temas chave como a saúde e o control do propio corpo. Denomínase utópico por soñar cunha sociedade gobernada por mulleres, sen opresión, descentralizada, ecolóxica, sen xerarquías nin militares, baseada na democracia interna, cunha economía de estrutura local e comunitaria, fundamentada na ética dos coidados. A diferenza sexual e a maternidade dan paso a unha conciencia xinecocéntrica e dan un valor sagrado á vida, creando mitos e novas mitoloxías (espiritualistas ou panteístas). Desde o movemento, as ecofeministas *New Age* recuperan e crean rituais arredor da Deusa Terra e ritos neopaganos, como os promovidos por STARHAWK.

As críticas máis duras céntranse no mantemento de esterotipos (muller coidadora e procreadora) e en non promover transformacións sociais reais; tamén pola inxenuidade epistemolóxica e o separatismo lésbico. Algúnhas autoras destacadas son Mary DALY, Susan GRIFFIN, Miriam STARHAWK, CHARLENE SPRETNAK, o Colectivo Con-Spirando e Rosemary RADFORD RUETHER.

2. *Ecofeminismo Multiculturalista do Sur ou Postcolonial*: aparece nos anos '80, no contexto crítico do desenvolvemento occidental que denominan “mal

desenvolvemento” e da incipiente mirada decolonial. Poñen o énfase na *xustiza ambiental* e na *ecoxustiza*, nas diferenzas entre o Norte e Sur global, e defenden as economías de subsistencia, así como as comunidades e os modos de vida tradicionais. Identifican patriarcado e modelo económico occidental coa destrución ecolóxica global. Poñen en valor o uso fronte a explotación (da natureza e dos saberes); protexen a biodiversidade, as sementes e a auga como sinónimo de suervivencia, colocando a centralidade na agricultura familiar e comunitaria, na artesanía e no coñecemento tradicional, por iso, ben poden ser o antecedente do movemento de *soberanía alimentaria*. Defenden a equidade na distribución dos bens e servizos ambientais. É un movemento plural baseado na cooperación e non busca a fusión dos distintos movementos.

Este postura é criticada por idealizar aos grupos indíxenas, e por non recoñecer as diferenzas económicas, sociais e políticas entre as distintas etnias, convertíndose noutro *etnocentrismo*, o do bo salvaxe; critican o principio feminino de coidado da natureza como cosmoxía porque o atribúen á división do traballo. Tampouco son obxectivas coas aportacións positivas da Modernidade. Entre as autoras destacamos Vandana SHIVA, María MIES, Gladys PARENTELLI e Ivonne

GEBARA.

3. *Ecofeminismo do ambientalismo e xénero ou liberal*: xurde nos '70 nun contexto económico de crecemento e de eferescencia dos movementos pacifistas. Considera que a orixen da devastación non son os homes senón unha mala praxe do capitalismo occidental; na orixe da explotación das mulleres ignora as fontes materias de dominación e sitúa a súa marxinalidade nos condicionamentos laborais, económicos e educativos: propoñen a inclusión masiva no mundo laboral e igualdade de salarios, paridade nos postos de decisión.... Ten unha postura economicista e utilitarista porque consideran a natureza como un recurso que debemos conservar como ben necesario do mercado (Teresa ROMAÑA, 2007:125): propoñen unha mellor aplicación da ciencia, a tecnoloxía e a lexislación para explotala de forma sostible.

Trátase dunha visión ambientalista ou de *capitalismo verde* que non ofrece solucións á crise ecolóxica nin cuestiona a orden social (non inclúen unha perspectiva de xénero) súas solucións son *tecnocentristas* (Alicia PUELO, 2008). Olvidan as actividades non mercantís e o papelda muller na creación de *capital humano* neste sistema capitalista. As prioridades non as marcan os movementos sociais senón as persoas expertas. Algunha das

representantes deste posicionamento poden ser Betty FRIEDAN, Bina AGARWAL, Cecile JACKSON, BRINDA RAO e Sherry B. ORTNER.

4. *Ecofeminismo Ecolóxico, socialista, radical ou ilustrado*: tamén de finais dos '70, mantén que o paralelismo de opresión entre muller e natureza non é de índole esencial senón de dominación androcéntrica, rexeitando así a mística da feminidade. Reivindica cualidades femininas como a sensibilidade, a intuición, a menor afresividade, os cuidados, as relacións e o erotismo non agresivo. Defende un uso ético, prudente e non elitista da tecnoloxía e da ciencia, baseándose no *Principio de Precaución* e diferenciándose de posicionamentos utilitaristas e mecanicistas da ciencia. Parte do paradigma ecolóxico, sistémico e inclusivo a partir das propostas do *Ben Común*. Reivindica e universaliza a igualdade e autonomía das mulleres, da ética dos cuidados e o diálogo intercultural (Alicia PUELO, 2008). Entenden que a *economía do cuidado* non debe mercantilizarse porque o obxectivo non é monetario senón a calidade de vida. Presentan o concepto de *pegada civilizatoria das mulleres* como “*a relación entre tempo, afecto e enerxía amorosa que as persoas precisan para atender as súas necesidades humanas reais -calidade de vida, seguridade emocional, equilibrio psicoafectivo etc.- e as que*

aportan para garantir a continuidade das xeracións da especie humana” (Anna BOSCH, Cristina CARRASCO e Elena GRAU, 2004:17) e de débeda fiminina como *“a débeda que o patriarcado ten contraída coas mulleres de todo o mundo polo traballo non remunerado que realizan gratuitamente”* (Teresa ROMANÍA, 2007: 131).

As críticas máis destacables son a súa mirada occidental sobre o medio. Tamén a súa potencia teórica e filosófica -moi abstracta- fronte á debilidade práctica. Podemos destacar a autoras como Petra KELLY, Mary MELLOR, Ariel K. SALLEH, Val PLUMWOOD, Karen WARREN, Bárbara HOLLAND CRUZ, Yayo HERRERO e Alicia PULEO.

5. *Ecofeminismo queer, vegano, animalista ou antiespecista*. O ecofeminismo queer basea a súa proposta en cuestionar as sociedades heterosexualizadas e indaga na relación diversidade sexual e natureza. Os corpos, as marcas físicas ou simbólicas non poden determinar as identidades nin os espazos de inclusión (conexións entre a opresión da muller, das sexualidades queer, das persoas non brancas e da natureza); non queren afirmar a súa identidade a través da negación dos outros. Cuestiona o conservacionismo e os Espazos Naturais protexidos porque *“están influenciados por factores como sexualidade, xénero e raza”* (Daniela ROSENDO, 2017:30).

Propoñen a liberación do erotismo fronte a *erotofobia*, *“do erótico como fundamentalmente oposto á razón, á cultura, á humanidade e á masculinidade”* (Greta C. GAARD, 1997:138) que leva a reconceptualizar ao ser humano.

O posicionamento vegano, animalista e antiespecista mostra os patróns opresivos e de dominación patriarcal que son similares entre as mulleres e os animais, xa que cosifican e subordinan; sinalan aos animais como os *referentes ausentes* nunha discriminación moral baseada no *especiesmo*. Afirmar que o discurso dos *dereitos dos animais* poden corregir o antropocentrismo radical da ética occidental. Denuncian o omnivorismo como unha imposición mercadolóxica e sociocultural; tamén denuncian o sacrificio dos animais macho e a explotación reproductora das femias e porpoñen o veganismo como unha postura contra a xerarquía do consumo e da explotación de seres sensientes..

Algunhas das autoras de referencia son Greta G. GAARD, Catriona SANDILANDS, Constance RUSSELL, Julia SERANO, Andrée COLLARD, Carol ADAMS e Kathleen JOHNSON.

Esta breve exposición das distintas corrientes demostra esos paralelismos referidos: a orixen, na subordinación das mulleres, da natureza, dos pobos oprimidos

e doutras formas de vida; dos problemas ecosociais derivados desta dominación; e a capacidade propositiva para a transformación.

A Educación Ambiental de 4ª xeración

A educación ambiental é un disciplina nova -xa que ten pouco máis de 50 anos- máis que tivo un evoluir dinámico e permanente, o que nos fai falar tamén de posicionamentos diferenciados; desde que en Belgrado (1975) y Tbilisi (1977) se acordaron as metas e obxectivos, transcurriron moitos fitos que explican esta rápida transformación. Xurde no ámbito dos movementos sociais como resposta a indicadores da degradación ambiental; trátase dunha porposta educativa crítica e ecosocial que busca mudar o comportamento insotible dos individuos e da sociedade desde unha ética biofílica. No *Libro Branco para la Educación Ambiental en España* recoñécese como corrente internacional de pensamento e acción proambiental que persigue a mellora ambiental e o desenvolvemento sostible (VV. AA, 1999). A UNESCO ten xogado un papel central, fundamentalmente na temprana institucionalización desta corrente educativa, ao facilitar recursos económicos, formativos e de transcendencia política.

Non imos mapear a cantidade de

enfoques e correntes, xa que temos como referente o traballo de Lucie SAUVÉ (2005) no que identifica 15 propostas, que mostran a diversidade e riqueza do campo, e que van das cosmovisións das culturas dominantes até outras máis contrahexemónicas e de transformación política. No Libro Branco indícase que “o *percorrido histórico da EA podería levar como título «unha teoría con boas intencións e malas estratexias».* *Mais tamén se podería chamar «unha aprendizaxe necesaria para o ambicioso proxecto de cambiar a sociedade»*” (AA. VV, 1999:7). Partimos de análises e interpretacións de varios autores (Pablo MEIRA, 1998; Michèle SATO, 2001; Edgar GONZÁLEZ GAUDIANO, 2001; Daniella TILBURY, 2001; Javier BENAYAS, José GUTIÉRREZ e Norma HERNÁNDEZ, 2003; Susana CALVO e José GUTIÉRREZ, 2007; Isabel CARVALHO, 2008; Araceli SERANTES, 2010; Viriato SOROMENHO, 2013; Lucie SAUVÉ, 2005; 2017; Mar RODRIGUEZ e Araceli SERANTES, 2010; Viriato SOROMENHO-MARQUES, 2013; Yayo HERRERO, Fernando CEMBRANOS e Marta PASCUAL, 2015; María NOVO, 2016; Simone PORTUGAL et al., 2017; José Manuel GUTIÉRREZ, 2018; Simone PORTUGAL e Marcos SORRENTINO, 2018). A nosa porposta é sintetizar esta historia en catro “xeracións” que, como xa indicamos anteriormente, nin son puras nin estancas, senón que axudan a comprender o seu dinamismo, sen pretender limitar o campo a estas catro

	1ª XERACIÓN INICIAL	2ª XERACIÓN PREDOMINANTE	3ª XERACIÓN INSTITUCIONAL	4ª XERACIÓN EMERXENTE
Marco de referencia	Natureza	Ecoloxía	Ambientalismo	Decrecentamento
Obxectivos	Naturalistas	Didácticos	Sostenibilidade	Cambio
Educación para	Conservar	Persuadir	Adaptar	Participar
Concepto de natureza	Obxecto (de estudo)	Recurso (de aprendizaxe)	Valor (extrínseco, antropocéntrico)	Escenario (onde vivimos, biocéntrico)
Fin educativo	Coñecer	Sensibilizar	Capacitar	Mudar
Énfase	Contidos	Metodoloxía	Valores	Accións
Educación ambiental	SOBRE o medio	NO medio	PARA o medio	CO medio
Centrada en	Sistema educativo	Sistema educativo	Profesionais	Comunidade
Logros	Protección	Lexislación	Programas	Redes
Práctica educativa	Ciencias da Natureza	Investigar en	Ecoxestos	EA crítica. Transición ecosocial
Modelo de aprendizaxe	Conductista Instrumental	Por descubrimento	Significativo Adaptativo	Constructivista Cooperativo

Cadro 2: Evolución no concepto de Educación Ambiental (Elaboración a partir de Araceli SERANTES, 2010)

liñas de pensamento e acción (Cadro 2).

1. *Etapa inicial*: pouco operativa e cunha visión romántica, fai fincapé no coñecemento, e presenta a natureza como un *obxecto* de estudo, por iso céntrase en identificar especies e en desvelar as relacións entre elas, en describer e clasificar, en transmitir información, influenciada polo positivismo dominante. Moi centrada no sistema educativo -casi exclusivamente no alumnado- busca a conservación dos valores naturais a través de propostas de corte conductivista y con metodoloxías propias das Ciencias da Natureza. Nesta etapa facilítase información *sobre* o medio.

implicación social e máis cercana dos postulados do ecoloxismo, ten un discurso máis complexo no que integra o natural e o social, as relacións de complexidade e de interdependencia. O obxectivo é sensibilizar á poboación -fundamentalmente escolar- que se achegan ao medio no que observan, investigan, manipulan... descubren; ten unha pagada máis didáctica, moi preocupada por o como, polas metodoloxías, porque se busca seducir, persuadir para o cambio. Os dous logros máis destacables son precisamente a creación de recursos, actividades e programas (coincide coa creación do PNUMA¹ por parte

2. *Etapa predominante*: con maior

1 Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente.

da UNESCO) e a aprobación de normativas e lexislación. Unha etapa de realizar actividades *no* medio con claras influencias da Escola Nova e da Institución Libre de Ensinanza.

3. *Etapa institucional*: máis vinculado co ambientalismo, os aspectos humanos cobran maior protagonismo, dando paso a unha perspectiva socioambiental. Institucional porque coincide co protagonismo de moitos Estados e Organizacións Gubernamentais, que aproban *Estratexias de Educación Ambiental e Plans de Acción*; tamén coincide co auxe da sustentabilidade e do desenvolvemento sostible e pon o foco en capacitar a distintos sectores profesionais. Sigue a manter unha mirada antropocéntrica na relación co medio, cun modelo de aprendizaxe significativo e adaptativo, baseado en valores proambientais. Os logros máis destacables teñen que ver con programas globais, como a Axenda 21: trátase dunha educación *para* o medio.
4. *Etapa emerxente*: máis crítica e contrahexemónica, cobra un maior dinamismo e definición a partir da crise económica do 2008. Moi cercana ás propostas de *decrecemento* e de “relocalizar” (Serge LATOUCHE, 2009), de poñer límites ao consumo (Beatriz SANTAMARINA, 2007), de simplicidade voluntaria (Carlos TAIBO, 2010) e as proposta de *transición*

ecosocial (Yayo HERRERO et al., 2015; Emilio SANTIAGO, 2016; Lucié SAUVÉ, 2017). A súa finalidade é promover o cambio a sociedades solidarias, xustas desde a perspectiva ambiental e respectuosa coa diferenza e os saberes tradicionais. O seu énfase no cambio e a través de acción directa, individual e a través de redes. A natureza é o escenario no que se desenvolve a vida, desde unha mirada biofílica e unha ética do ben vivir, do comunitario e do empoderamento social. Unha educación ambiental desde un paradigma sociocrítico, baseado en porpostas de aprendizaxe constructivistas e de creatividade pedagóxica. Nesta etapa son múltiples as colaboracións e as propostas conxuntas con distintos axentes, fundamentalmente cos movementos de acción colectiva e redes solidarias (Mar RODRÍGUEZ e Araceli SERANTES, 2010; Simone PORTUGAL e Macos SORRENTINO, 2018) como o ecofeminismo, a agroecoloxía, a soberanía alimentaria, as cidades en transición, as cooperativas de consumo, o movemento sen terra... Trátase dunha educación ambiental co medio, con pretensión de proxecto político.

Entendemos que existen moitos puntos de conexión entre esta Educación Ambiental de 4ª xeración e moitas das loitas dos movementos ecofeministas.

Feminicidio Ambiental, non as olvidamos

Feminicio Ambiental é unha exposición colaborativa, deseñada coas técnica da Interpretación do Patrimonio, elaborado polo alumnado de 1º de Educación Ambiental da Universidade da Coruña, no marco da materia “Educación Ambiental e cultura da sustentabilidade”.

Desde unha perspectiva ecofeminista e ecosocial, o alumnado intentou dar a coñecer as mulleres que son asasinadas por defender as súas terras, os seus bosques, os seus ríos... contra as multinacionais, as empresas nacionais e os gobernos corruptos que impoñen o seu crecemento económico fronte aos dereitos ancestrais de todos os que alí viven; tamén mulleres asasinadas pola defensa dos dereitos dos animais. Felipe MILANEZ, ex director adjunto de National Geographic Brasil, afirmou



alarmado que “o asasinato converteuse en algo politicamente aceptable para conseguir obxectivos económicos [...]. Tras 10 anos traballando na Amazonía, nunca vira unha situación tan mala” (Global Witness, 2018). A través da vida e morte de 16 mulleres (Cadro 3) de distintos países representamos

NOME	ASASINADA	OPOSICIÓN	NOME	ASASINADA	OPOSICIÓN
Berta Cáceres	Honduras	Hidroeléctrica	Lesbia Yaneth Urquía	Honduras	Hidroeléctrica
Alberta “Bety” Cariño	México	Expulsión de indíxenas/minería	Marinalva Manoel	Brasil	Agronegocio
Petra Kelly	Alemania	Política	Macarena Valdes	Chile	Hidroeléctrica
Blanca Jeanette Kawas	Honduras	Tala ilegal	Joan Root	Kenia	Furtivismo
Gladys del Estal Ferreño	España	Nucleares	Adelinda Gómez Gaviria	Colombia	Minería
Laura L. Vásquez Pineda	Guatemala	Minería	Dian Fossey	Ruanda	Furtivismo
Sandra Viviana Cuellar	Colombia	Agronegocio	Ofelia M Mosquera Usuga	Colombia	Expulsión de indíxenas
Jill Phipps	Inglaterra	Explotación animal	Shehla Masood	India	Furtivismo e Minería

Cadro 3: Listado das mulleres da exposición “Feminicidio Ambiental” e país e causas do seu asinato.

a importancia deste problema, as causas fundamentais de oposición e intentamos pasar do concreto (a morte de esa muller) ao xenérico (o problema ambiental que hai detrás de esa loita). A ONU considera os defensores dos Dereitos Humanos e da Terra son o segundo colectivo máis vulnerable.

Estrutura da exposición

Cada grupo traballou sobre a biografía dunha destas mulleres, sobre o contexto da súa loita e profundizou sobre o problema global (a deforestación e expulsión das súas terras dos verdadeiros poboadores para actividades relacionadas co agronegocio, a creación e encoros (barragem) para a industria enerxética deixando ás comunidaes sen auga potable, a extracción de minerais expulsando ás comunidades do seu territorio ou contaminando os ríos e os cultivos, introducindo monocultivos ou co tráfico ilegal de animais e o furtivismo.

A exposición se fixo sobre caixas de cartón; todos conservaban a mesma estrutura agás a caixa que presenta a exposición: permitía meterse por un lateral e asomarse xunto con todas as mulleres para



Fotos 1-2: Módulo de presentación.



Foto 3-4: Presentación das lideres

ser fotografiada como defensora da Terra (Fotos 1-2). As caixas estaban forradas de cor verde (o que daba certa unidade) e utilizaban a mesma tipografía, diferenciando polas cores e o tamaño os distintos niveis de información.

A estrutura de contidos foi: unha das caras estaba destinada a presentar quen era cada unha das mulleres

(Foto 3); outra explicaba porque foi asasinada e, no caso de sabelo, por quen (menos do 1% dos asasinados foron xulzgados) (Fotos 3-4); a terceira cara explicaba o problema ambiental que provocou o crimen; a última das caras era de libre elección, dándolle cada grupo distintos usos (ilustracións, zona para deixar comentarios, espazo interactivo...) (Fotos 5-6).


Cada cara tiña que ter 6 niveis de información, tal e como se recomenda desde a Interpretación do Patrimonio (Matilde GONZÁLEZ, M. Elvira LEZCANO e Araceli SERANTES, 2014:23-25): Nivel I co Título-tema que presenta o contido (Cadro 4), Nivel II cun parágrafo de atención, o Nivel III co parágrafo principal limitado a \pm 50 palabras, o nivel IV cun parágrafo de clausura ou conclusión, o nivel V cos parágrafos auxiliares, onde se introduciron os módulos interactivos e o nivel VI

cos créditos que no noso caso eran o logotipo da Universidade e o creado para a exposición (Imaxe 1).

As caixas colocáronse nos pasillos da Facultade de Ciencias da Educación e, posteriormente, se trasladou á Facultade de Socioloxía coincidindo coa celebración do Feminario da UDC.

As técnicas da Interpretación do Patrimonio

A Interpretación do Patrimonio é unha metodoloxía de comunicación estratéxica que, a través de mensaxes comprensibles e atractivos, procura conectar ao público emocional e intelectualmente co recurso ou tema ambiental, para provocar respostas de aprecio e compromiso, nun contexto distendido. É fundamental coñecer a quen van dirixidas as mensaxes e neste caso o



Fotos 5-6: Causas do asasinato e do problema socioambiental.



Imaxe 1: Logotipo

PROTAGONISTA	NIVEL I: FRASE-TEMA
Barta Cáceres	<ol style="list-style-type: none"> 1. Barta Cáceres é o epitafio dunha revolución ambiental 2. Asasinada porque loitaba polas súas raíces 3. Así era Honduras antes das multinacionais
Alberta "Bety" Cariño	<ol style="list-style-type: none"> 1. Téñennos medo porque NON LLES TEMOS MEDO 2. Ela defendeu a vida, mais quen defendeu a súa? 3. Sen obter resposta, aínda quedan espiñas
Petra Kelly	<ol style="list-style-type: none"> 1. Petra Kelly, a muller que liderou o ecopacifismo 2. Un crime de Estado ou un suicidio premeditado 3. A muller que desafiou as eleccións europeas
Blanca Jeanette Kawas	<ol style="list-style-type: none"> 1. Blanca Jeanette Kawas foi unha activista ambiental hondureña 2. Esta indíxena foi asasinada polas autoridades hondureñas 3. Honduras sofre moitas ameazas sobre a súa biodiversidade
Gladys del Estal Ferreño	<ol style="list-style-type: none"> 1. Gladys gogucun zaitugu (En euskera "recordámosche") 2. Coñeces a loita de Gladys del Estal Ferreño? 3. Un asasinato en democracia no que todos saen impunes
Laura Leonor Vásquez Pineda	<ol style="list-style-type: none"> 1. Laura Leonor Vásquez Pineda unha morte moi recente 2. Exlíder do movemento contra a minería morre baleada 3. San Rafael, a mina da discordia
Sandra Viviana Cuellar	<ol style="list-style-type: none"> 1. A desaparición de Sandra Viviana Cuellar é un misterio 2. Quen sae beneficiado da súa desaparición? 3. Que ocorre en Cali coa explotación de caña de azucar?
Jill Phipps	<ol style="list-style-type: none"> 1. Quen atropella á natureza? Quen a Jill Phipps? 2. O activismo antiespecista na mira 3. Toda tenreira acaba no matadoiro
Lesbia Yaneth Urquía	<ol style="list-style-type: none"> 1. Honduras está do loito 2. Faminicidios que quedan impunes 3. Loitando pola paz, a vida e a xustiza
Marinalva Manoel	<ol style="list-style-type: none"> 1. Marinalva Manoel, a xoven en contra do agronegocio 2. Ecoloxista indíxena presuntamente violada e apuñalada polos terratenentes locais 3. Os Kaiowa obrigados a vivir con medo
Macarena Valdes	<ol style="list-style-type: none"> 1. Macarena Valdés, asasinato ou suicidio? 2. Mataron á negra 3. As familias mapuches en perigo polas hidroeléctricas
Joan Root	<ol style="list-style-type: none"> 1. Joan Root, da dominación a un Óscar á tumba 2. A lagoa que lle custou a vida 3. Os problemas ambientais continúan en Kenia
Adelinda Gómez Gaviria	<ol style="list-style-type: none"> 1. Adelinda Gómez Gaviria defende os Dereitos Humanos desde Colombia 2. Asasinada por opoñerse á minería e aos intereses capitalistas 3. "Proceso de Mujeres del Macizo Colombiano del CIMA" en perigo
Dian Fossey	<ol style="list-style-type: none"> 1. Unha vida menos, a quen lle importa? 2. Perdeu a vida polos gorilas 3. Que recordas de "Gorilas na néboa"?
Ofelia María Mosquera Usuga	<ol style="list-style-type: none"> 1. 37 anos, 2 disparos, 1 muller menos 2. Miles de corazóns rotos en Urabá 3. O feminicidio ambiental entre as mulleres indíxenas
Shehla Masood	<ol style="list-style-type: none"> 1. Activista india asasinada por denunciar a explotación do seu apís 2. Foi asasinada polos <i>fashion victim</i> 3. O comercio ilegal de especies move 20.000.000.000€ ao ano

Cadro 4: Parágrafos principais de cada módulo (Nivel I de información)..



Foto 7: Módulo interactivo

público albo era o resto de compañeiras e compañeiros da Facultade, o profesorado e o persoal de servizo.

As técnicas máis destacadas foron:

- A *interactividade* (Fotos 7-10) a través da manipulación, de entrar nas caixas, de manipular mecanismos...
- A *relevancia ao ego* ou presentar os contidos e os módulos interactivos de forma que quen o le se sinte protagonista; para iso utilizaron espellos

nos que reflexarse, invitaron a formar parte da exposición, crearon espazos para deixa as súas opinións... (Foto 2)

- *Provocando* a quen a mira, invitándolle a tocar, entrar e interactuar (Fotos 3-8-9 e 10).
- *Usando os sentidos*, tocar e cheirar, probar sabores, escoitar sons... (Foto 10)
- *Invitando a pensar* e expresar o que sinte, o que ve ou o que pensa (Foto 11).
- *Atractiva* polas cores, polo tamaño, polas propostas...
- *Temática e ordeada* xa que en cada cara só se desenvolve un rasgo do tópico
- Poder *evocador* a través de *obxectos* que regalaban e que axudarían a recordar a exposición



Fotos 8-9-10: Distintas técnicas que provocan a interacción

A avaliación

Por unha banda avaliáronse os contidos e o formato a través dunha avaliación experta na que participaron tres profesionais da Interpretación do Patrimonio (M. Elvira Lezcano, Matilde González e Malene Anaya) e a profesora da materia. Por outra banda, unha avaliación entre iguais na que o alumnado expresou o mellor e peor de cada módulo. Por último, unha avaliación externa por parte das persoas que visitaron a exposición e que deixaron as súas opinións no buzón do modelo de resentación; trátase dunha valoración global da exposición. Os resultados comunicáronselles ao alumnado a través da plataforma Moodle, no marco da materia.

Como síntese, destacar o interese que amosou moita xente polo tema e pola forma de presentalo. Tamén pola conexión entre feminicio e defensa da terra, un tema aínda pouco explorado.

A modo de conclusión

Rematamos coas palabras de Andrew DOBSON, *“en vez dunha racionalidade masculina ou feminina, PLUMWOOD aboga por unha racionalidade ecolóxica que ‘recoñeza e asuma as relacións negadas de dependencia e nos permita admitir a nosa débeda cos demais sustentadores da terra”* (1990: 235).



Foto 11: Módulo no que se recollen valoracións as persoas que visitan a exposición

Feminicidio Ambiental ten sido unha oportunidade para coñecer os sistemas de explotación e sometemento das mulleres e da natureza en moitos países do mundo. Serviu para coñecer as respostas heróicas de oposición ante o abuso de moitas empresas e gobernos contra as persoas máis vulnerables e alonxadas dos espazos de poder (mulleres, comunidades agrícolas, pobos indíxenas...). Tamén ten sido unha oportunidade para replantexarnos de forma crítica o concepto de progreso que supostamente avala moitas destas intervencións que violan os dereitos fundamentais dos poboadores e do medio ambiente.

O alumnado pudo coñecer distintas culturas de resistencia, distintas respostas a proxectos que constitúen problemas globais (a construción de

macroinfraestruturas sen respectar o valor dos espazos e das comunidades, o agrocomercio e os transxénicos, o expolio de especies e dos recursos...), a cuestionar modelos de desenvolvemento que violan os dereitos de colectivos sometidos e a abordar as relacións de poder entre homes e mulleres e homes e natureza. O alumnado pudo tamén comprobar as conexións entre a *débeda ecolóxica* e a *débeda dos coidados* que occidente ten con moitos pobos e mulleres, especialmente do Sur : a *débeda dos coidados* é “*a débeda que o patriarcado ten contraída coas mulleres de todo o mundo polo traballo que realizan e realizaron gratuitamente por séculos*” (Yayo HERRERO, Fernando CEMBRANOS e Marta PASCUAL (2015:195).

Elxir a exposición colaborativa como formato para presentar o traballo de investigación foi un acerto, xa que axudou a diseminar os resultados do seu traballo, a comprobar o efecto sobre as persoas que se achegaron á exposición e a que a loita de tantas mulleres e pobos explotados que defenden a natureza sexa coñecido e recoñecido.

A Educación Ambiental de 4ª xeración invita a ser cidadáns conscientes, críticos e comprometidos, máis por riba de todo, a actuar e colaborar con outros grupos organizados, a través de redes. Esperemos que *Feminicidio Ambiental* sexa ese revulsivo necesario para algún/ha dele/as.

Referencias bibliográficas

- AGRA, Mª Xosé (1997). “Introducción: Feminismo y ecofeminismo” en Mª Xosé AGRA (Comp.), *Ecología y feminismo*, páxs. 1-21. Granada: Comares.
- BENAYAS, Javier, José GUTIÉRREZ e Norma HERNÁNDEZ (2003). *La investigación en educación ambiental en España*. Madrid: Ministerio de Medio Ambiente.
- BERGERE, Marion (2016). “Ecofemismo: violencia de género y maltrato d elos animales”, *dA. Dereito Animal*, 7(4), páxs. 1-18. (<https://doi.org/10.5565/rev/da.38>).
- BOSCH, Anna; Cristina CARRASCO e Elena FRAU (2004). *Verde que te quiero violeta. Encuentros y desencuentros entre feminismo y ecologismo* [<https://www.mundubat.org/proyecto/verde-que-te-quiero-violeta-encuentros-y-desencuentros-entre-feminismo-y-ecologismo/>]
- CALVO, Susana e José GUTIÉRREZ (2007). *El espejismo de la educación ambiental*. Madrid: Morata.
- CARVALHO, Isabel C. (2008). *A Invenção Ecológica: Narrativas e Trajetórias da Educação Ambiental no Brasil*. Porto Alegre: UFRGS.
- DOBSON, Andrew (1990). *Pensamiento Político Verde. Una nueva ideología para el siglo XXI*. Barcelona: Paidós.
- Ecologistas en acción (2008). *Tejer la vida en verde y violeta. Vínculos entre ecologismo y feminismo*. Madrid: Ecologistas en Acción. [Acceso en :https://www.ecologistasenaccion.org/wp-content/uploads/adjuntos-spip/pdf_Cuaderno_13_ecologismo_y_feminismo.pdf.]
- GAARD, Greta Claire (1997). “Toward a Queer Ecofeminism”, *Hypatia. A Journal of Feminist Philosophy*, 12 (1), páxs. 114-137.
- GABRIEL, Alicie (2011). “Ecofeminismo e ecologias queer: Uma aoresentação”, *Estudos feministas*, 19 (1), páxs. 167-173.
- GLOBAL WITNESS (2018). *¿A que precio? Negocios irresponsables y el asesinato de personas defensoras de la tierra y del medio ambiente*. London : Global Witness.
- GONZÁLEZ GAUDIANO, Edgar (2001). “Otra lectura a la historia de la educación ambiental en América Latina y el Caribe”, *Desenvolvimiento e Meio Ambiente*, 3 (jan/jun), páxs. 141-158.

- GONZÁLEZ, Matilde, M. Elvira LEZCANO e Araceli SERANTES (2014). *Interpretación do Patrimonio Artístico. Guía para profesionais do turismo*. A Coruña: CEIDA.
- GUTIÉRREZ BASTIDA, José Manuel (2018). *Invitación a la educación ecosocial en el Antropoceno. Educatio ambiental*. España: Bubok Publishing.
- HERRERO, Amaranta (2010). “Ecofeminismos: apuntes sobre la dominación gemela de la mujer”, *Ecología Política. Cuadernos de debate internacional*, 54, páxs. 20-27.
- HERRERO, Yayo (2013). “Miradas ecofemistas para transitar a un mundo justo y ostensible”, *Revista de Economía Crítica*, 16 (II), páxs. 278-307.
- HERRERO, Yayo, Fernando CEMBRANOS e Marta PASCUAL (2015). *Cambiar las gafas para mirar el mundo. Una nueva cultura de la sostenibilidad*. Madrid: Libros en Acción.
- JACKSON, Cecile (2004). “¿Haciendo lo natural? Mujer y medio ambiente en el desenvolvimiento”, en Verónica VÁZQUEZ e Margarita VELÁZQUEZ (comp.), *Miradas al futuro. Hacia la construcción de sociedades sustentables con equidad de género*, páxs. 169-208. México: Universidad Nacional Autónoma de México.
- LAHAR, Stephanie (2003). “Teoría ecofeminista y activismo político” en Karen Warren (Ed.). *Filosofías ecofeministas*, páxs. 35-60. Barcelona: Icaria.
- LATOUCHE, Serge (2009). *Pequeño tratado del decrecimiento sereno*. Barcelona: Icaria.
- MEIRA, Pablo (1998). *Educación Ambiental. Fontes e recursos documentais*. A Coruña: Concello de Oleiros.
- MIES, María e Vandana SHIVA (1997). *Ecofeminismo: teoría, crítica y perspectivas*. Barcelona: Icaria.
- NOVO, María (2016). “La necesaria transición personal: no se cambia la vida sin cambiar la propia vida”, en VV.AA., *La gran encrucijada. Sobre la crisis ecosocial y el cambio de ciclo histórico*, páxs. 243-249. Madrid: Libros en Acción.
- PÉREZ PRIETO, Laura (2010). “Epistemología feminista y coñecementos desde el Sur global”, *Ecología Política. Cuadernos de debate internacional*, 54, páxs. 14-17.
- PINHO VALLE, Luisa de (2010). “El ecofeminismo como propulsor de la expansión de la racionalidad ambiental”, *Ecología Política. Cuadernos de debate internacional*, 54, páxs. 28-51.
- PORTUGAL, Simone, Fernanda de MORAES, M. Henriqueta RAYMUNDO, Nadia de OLIVEIRA e Marcos SORRENTINO (2017). “Educação ambiental e agroecologia: um diálogo necessário” en Marcos SORRENTINO, M. Henriqueta RAYMUNDO, Simone PORTUGAL, Fernanda de MORAES e Rafael da SILVA, *Educação, agroecologia e bem viver*, páxs. 193-205.
- PORTUGAL, Simone e Marcos SORRENTINO (2018). “A educação ambiental no Brasil: diferentes perspectivas e boas práticas”, *ambientalMENTE sustentable. Revista científica Galugo-Lusófona de Educación Ambiental*, 25 (I), páxs. 59-66.
- PRATS, Fernando, Yayo HERRERO, Alicia TORREGO (2016). *La gran encrucijada. Sobre la crisis ecosocial y el cambio de ciclo histórico*, 1ª edición, Madrid: Libros en Acción.
- PULEO, Alicia (2008). “Libertad, igualdad, sostenibilidad. Por un ecofeminismo ilustrado”, *Isegoría. Revista de Filosofía Moral y Política*, 38 (enero-junio), páxs. 39-59.
- PULEO, Alicia (2011). *Ecofeminismo. Para otro mundo posible*. Valencia: Cátedra.
- RODRIGUEZ, Ana Carolina, Joshua CUBISTA, e Rowan SIMONSEN (s/d). *Prototyping our Future. Social Labs fo a Sustainable, Regenerative & Thriving Future*. [http://www.prototypingourfuture.info/]
- RODRIGUEZ ROMERO, Mar e Araceli SERANTES-PAZOS (2010). “Educação ambiental e novos movementos sociais. aportacións para o cambio educativo” en *ambientalMENTE sustentable. Revista científica Galugo-Lusófona de Educación Ambiental*, 9-10, páxs. 53-79.
- ROMAÑA, Teresa (2007). “Hacia nevos modelos de resolución de conflictos: ecologismo y feminismo como propuestas de cambio” en María NOVO, *Mujer y medio ambiente: los caminos de la visibilidad. Utopías, educación y nuevos paradigmas*, páxs. 111-141. Madrid: La Catarata.
- ROSENDO, Daniela (2017). “Ecofeminismo quer: reflexões sobre uma teoria política não binaria”, *Revista Lateniamericana de Estudos Críticos Animales*, 5(I), páxs. 16-33.
- RUSSEL, Constance, Tema SARICK e Jackie KENNELLY (2002). “Queering Environmental Education”, *Canadian Journal of Environmental Education*, 7 (1), páxs. 54-66.

- SANTAMARINA CAMPOS, Beatriz (2007). *Ecología y poder. El discurso mediambiental como mercancía*. Madrid: La Catarata.
- SANTIAGO MUIÑO, Emilio (2016). *Rutas sin mapa. Horizontes de transición ecosocial*. Madrid: La Catarata.
- SATO, Michèle (2001). "Debatendo os desafíos da Educación Ambiental", *Ambiente & Educação. Revista de Educação Ambiental*, 5-6, páxs.
- SAUVÉ, Lucie (2005). "Una cartografía de corrientes en Educación Ambiental", en Michele SATO e Isabel CARVALHO (Ed), *Educación Ambiental. Pesquisa e desafios*, páxs. 17-46. Porto Alegre: Artmed.
- SAUVÉ, Lucie (2017). "Educación Ambiental y Ecociudadanía: un proyecto ontogénico y político", *Revista Eletrônica do Mestrado em Educação Ambiental*, edición especial, páxs. 261-278.
- SERANTES-PAZOS, Araceli (2010). "Cuatro décadas en la Educación Ambiental", *JANUS Anuario 2010. Meio século de independencias africanas*, páxs. 98-99. Lisboa : Universidade Autónoma de Lisboa.
- SOROMENHO-MARQUES, Viriato (2013): "O desenvolvimento sustentável em questão: correntes e polémicas em tempos difíceis" en VV.AA., *Educación Ambiental e Políticas Públicas. Conceitos, fundamentos e vivências*, páxs. 63-70. Curitiba: Appris.
- TAIBO, Carlos (2010). *Decrecimiento, crise, capitalismo*. Sevilla: Estaleiro.
- TILBURY, Daniella (2001). "Reconceptualizando la Educación Ambiental para un nuevo siglo", *Tópicos en Educación Ambiental*, 3(7), páxs. 65-73.
- TRIANA, Diana Paola (2016). "Éticas ecofeministas: la comunidad de la vida", *Cuadernos de Filosofía Latinoamericana*, 37 (116), páxs. 117-131.
- VELASCO SESMA, Angélica (2018). "La filosofía ecofeminista ante los cambios científico-tecnológicos y culturales del siglo XXI" en VV.AA., *La cuarta revolución industrial desde una mirada ecosocial*, páxs. 249-277. Madrid: Clave Intelectual.
- VV.AA. (1999). *Libro Blanco de la Educación Ambiental en España*. Madrid: Ministerio de Medio Ambiente.
- WARREN, Karen J. e Jim CHENEY (1991). "Ecological Feminism and Ecosystem Ecology", *Hypatia*, 6(1), páxs. 179-197. [DOI: 10.1111/j.1527-2001.1991.tb00216.x].
- ZULUAGA SÁNCHEZ, Gloria Patricia (2014). "Ecofeminismos: potencialidades y limitaciones" en Emma SILIPRANDI e Gloria Patricia ZULUAGA (coord.), *Género, agroecología y soberanía alimentaria*, páxs. 67-91. Barcelona: Icaria.